



MARCO NORMATIVO

I. MARCO NORMATIVO

As administracións públicas teñen, entre as súas responsabilidades, a de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, así como remover os obstáculos que impiden a súa plena participación na sociedade.

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal que debe integrarse de xeito transversal en todas as políticas públicas e así aparece recollido en numerosos textos normativos :

Tratado da Comunidade Europea (TCE)

Recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero:

“ A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)”. Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes

Artigo 15. Transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As administracións públicas deben integralo, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de mulleres e homes

Artigo 6. Significado da transversalidade e criterios de actuación

1. Coa dobre finalidade de promover a Igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da Igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de

abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015 - COM(2010) 491 final

...A integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas levarase a cabo como parte integrante da formulación de políticas da Comisión, y tamén mediante procesos de análise de impacto e avaliación. A Comisión propónse aumentar a base de coñecementos sobre a igualdade entre mulleres e homes.

Conclusiones do Consello do 7 de marzo de 2011 sobre Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero (2011-2020)- (2011/C 155/02)

...O Consello reafirma o seu compromiso de reforzar a gobernanza mediante a incorporación da perspectiva de xénero en todos os ámbitos de actuación, incluída a acción exterior da UE, tendo así mesmo en conta o papel esencial de homes e mozos na promoción da igualdade de xénero e garantindo que os seus efectos se teñan en conta nas avaliacións de impacto das novas actuacións da UE...

Anímase aos Estados membros a que, cando elaboren e apliquen os seus programas nacionais de reforma, incorporen a perspectiva de xénero e promovan políticas de igualdade entre os sexos, especialmente polo que respecta ás orientacións relativas ao emprego, e invítaselles a facer un uso axeitado en todos os ámbitos e procesos de actuación pertinentes dos indicadores para a igualdade de xénero elaborados no Marco de Avaliación Conxunto e no seguimento da Plataforma de Acción de Pekín.

Por outra banda, segundo o disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa legislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto que, por razón de xénero, poidan ter as medidas que se establezan nela

Así mesmo, a Secretaría Xeral da Igualdade, é a competente para emitir dito informe sobre o impacto de xénero ao abeiro do previsto no artigo 8 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia (en

diante Lei 7/2004) e no artigo único, alínea 2, da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia.

